

Os titulados universitarios no Sistema Universitario de Galicia(SUG) traballan en Galicia nos dous primeiros anos posteriores á súa titulación?

M^a Patrocinio Morrondo Pelayo, José Eduardo López Pereira e M^a Carmen Fernández Montes. *Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia*
 Pedro Faraldo Roca, Rosa María Crujeiras Casais e Adela Martínez Calvo. *Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Santiago de Compostela*
 María José Lombardía Cortiña e Salvador Naya Fernández. *Departamento de Matemáticas. Universidade da Coruña*
 José María Matías Fernández. *Departamento de Estatística e Investigación Operativa. Universidade de Vigo*
 Verónica Carreira Figueiras. *ABANCA*
 Belén María Fernández de Castro. *CESUGA. Universidad San Jorge*



Resumo

Desde a creación da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia (ACSUG) no ano 2001, vense analizando a situación laboral dos titulados universitarios no Sistema Universitario de Galicia (SUG), de forma periódica e continua a través dos estudos de inserción laboral desenvolvidos pola ACSUG. O obxectivo principal destes estudos é obter información da percepción dos titulados sobre a formación e a universidade, as características do proceso de procura de emprego, a situación do mercado de traballo dos titulados no SUG e as súas condicións laborais.

Este traballo recolle unha análise da integración no mercado laboral en Galicia dos titulados universitarios no SUG, centrándose principalmente no lugar onde atopan traballo os titulados correspondentes aos seis últimos estudos de inserción laboral realizados pola ACSUG.

Palabras e frases chave: inserción laboral, titulados universitarios, lugar de traballo, tempo en atopar o primeiro emprego.

1. Introducción

A consolidación da periodicidade anual destes estudos ao longo dos anos garante a obtención de históricos de resultados permitindo analizar a evolución no tempo da situación laboral dos titulados universitarios. Entre outros factores, analízase a porcentaxe de titulados que traballan en algo relacionado coa titulación estudada, preparan oposicións e/ou estudan, lugar de traballo, tipoloxía dos contratos, nivel retributivo e tempo en atopar emprego relacionado coa súa titulación. Neste traballo, centrámonos na análise do lugar de traballo dos titulados.

Na *Sección 2* preséntase un resumo dos datos técnicos dos estudos realizados sobre as cohortes de titulados no 2005-2006 ata o 2010-2011 (véxase *Referencias*). O resumo dos principais resultados ocupa a *Sección 3*. Na *Sección 4* achéganse unhas conclusións xerais.

Os estudos completos dos cales proceden os resultados presentados neste traballo, pódense consultar en: <http://www.acsug.es/gl/insercion>

2. Datos técnicos dos estudos

A poboación obxecto de estudo está constituída polos titulados no SUG durante os cursos académicos comprendidos entre os cursos académicos 2005-2006 ata 2010-2011 (EIL0506 ata EIL1011, onde as siglas EIL designan "Estudo de Inserción Laboral"), analizando un total de 29.844 rexistros. A información básica e de contacto correspondente aos titulados (que coinciden con unidade de mostraxe e unidade informante) é facilitada polas universidades do SUG. Os datos de poboación, mostra e período de realización das distintas enquisas achéganse na *Táboa 1*.

Curso académico	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011
Poboación	10.280	8.689	9.216	8.846	8.922	9.289
Mostra	5.362	4.569	4.830	4.965	5.004	5.114
%	52,16%	52,58%	52,41%	56,13%	56,09%	55,05%
Traballo de campo	maio 2008	maio/xuño 2009	maio/nov. 2010	outubro 2011	decembro 2012	decembro 2013

Táboa 1. Titulados no SUG. Tamaños de poboación e período do traballo de campo.

Para cada titulación e campus (subpoboación) seleccionouse unha mostra aleatoria, determinando o tamaño para a estimación da proporción (con varianza máxima) e fixando un erro máximo absoluto do 10%, cun nivel de confianza do 95%. Posteriormente, os resultados por ramas de coñecemento e para o total do SUG obtéñense mediante elevación proporcional ao tamaño de cada subpoboación. Considéranse as seguintes ramas de coñecemento: Ciencias da Saúde, Ciencias, Enxeñaría e Arquitectura, Ciencias Sociais e Xurídicas (I, II, III e IV) e Artes e Humanidades (I e II).

As enquisas realizáronse mediante entrevista telefónica, fixando un número máximo de 5 chamadas por titulado, escollendo estes de xeito aleatorio. O cuestionario empregado foi o mesmo para cada un dos estudos. Na *Táboa 1* pódese consultar as datas para o desenvolvemento do traballo de campo.

3. Resultados

Para contextualizar o lugar de traballo dos titulados do SUG, analizamos a porcentaxe de titulados que están traballando no momento de realizar a enquisa: o 59,74% (EIL1011) traballa en algo relacionado coa súa titulación. Na *Táboa 2* obsérvase un aumento no número de titulados que traballan con respecto ao estudo anterior (EIL0910).

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011
Si	63,60%	62,75%	58,12%	55,80%	55,37%	59,74%
Si, pero non relacionado	7,47%	3,37%	3,81%	3,50%	2,95%	3,59%
Non	28,93%	33,89%	38,07%	40,71%	41,68%	36,67%

Táboa 2. Porcentaxe de titulados que traballan (no momento de realizar a enquisa). No caso de que traballan, indícase a porcentaxe que ocupa un posto non relacionado coa titulación estudada. Resultados para o total do SUG.

	EIL0506	EIL0607	EIL0708	EIL0809	EIL0910	EIL1011
A Coruña	41,18%	44,07%	43,65%	40,16%	40,59%	41,47%
Lugo	8,72%	8,99%	8,70%	11,05%	9,69%	8,77%
Ourense	8,88%	8,49%	9,11%	8,16%	8,68%	8,00%
Pontevedra	26,76%	24,46%	24,40%	24,69%	23,60%	24,28%

Táboa 3. Distribución dos titulados segundo o lugar de traballo, considerando as provincias de Galicia. Resultados para o total do SUG.

A maioría dos titulados desenvolven o seu traballo en Galicia como se pode observar na *Figura 1*, obtendo para case todos os estudos unha porcentaxe próxima ao 80%. Con respecto aos que traballan noutra comunidade autónoma de España representan menos do 15% e menos dun 1% desempeñan a súa labor no resto do mundo. As provincias de A Coruña e Pontevedra (ver *Táboa 3*) concentran a maioría de titulados con valores arredor do 42% e o 25% respectivamente, fronte a Lugo e Ourense que roldan valores entre o 9%.

Centrándonos nos resultados acadados no último estudo EIL1011, o 82,52% dos titulados do SUG que traballa, faino en Galicia, co seguinte reparto por provincias: o 41,47% na provincia da Coruña, o 24,28% na de Pontevedra, un 8,77% en Lugo e o restante 8,00% en Ourense. Un 13,55% dos titulados traballa noutra provincia española e tan só un 3,93% saíu do país, case todos eles (3,15%) con destino a outro país europeo. Na *Figura 1* achégase unha comparativa destes datos ao longo dos distintos estudos.

Con respecto ao grao de satisfacción dos titulados sobre a situación xeográfica do seu posto de traballo pódese observar na *Figura 2* que un 78,25% dos titulados está moi ou bastante satisfeito, mentres que un 13,46% está pouco ou nada satisfeito. Este nivel de satisfacción véñse mantendo bastante estable nos estudos dende o EIL0607.

4. Conclusións

Os titulados do SUG desempeñan o seu traballo maioritariamente en Galicia. En particular un 82,52% dos titulados enquisados no EIL1011 exercían o seu traballo dentro da comunidade autónoma, co seguinte reparto por provincias: A Coruña (41,47%), Pontevedra (24,28%), Lugo (8,77%) e Ourense (8,00%). Respecto ás ramas de coñecemento, no EIL1011, os titulados que en máis alta porcentaxe traballan en Galicia son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III (91,30%), cun reparto por provincias similar ao do SUG.

Amósase na *Figura 3* o lugar de traballo para os titulados no SUG, por ramas de coñecemento. Os titulados que en máis alta porcentaxe traballan en Galicia son os de Ciencias Sociais e Xurídicas III (91,30%), cun reparto por provincias similar ao do SUG. Os titulados que máis saen de Galicia para traballar son os de Ciencias (18,39% resto de España, 5,27% resto de Europa), os de Enxeñaría e Arquitectura (18,32% resto de España, 6,12% resto de Europa) e os de Ciencias Sociais e Xurídicas IV (18,71% resto de España e 9,81% resto de Europa).

Un caso diferente é o dos titulados en Artes e Humanidades II, onde a porcentaxe de titulados que traballan en Galicia é pouco inferior á do SUG (77,45%) e traballan noutra provincia española moitos menos ca no SUG (7,30%). Pola contra, un 11,35% traballa no resto de Europa e un 3,90% no resto do mundo (0,78% no total do SUG).



Figura 1. Distribución dos titulados segundo o lugar de traballo: Galicia, resto de España, resto do mundo. Comparativa dos seis últimos estudos.

Figura 2. Satisfacción coa zona xeográfica de traballo. Resultados para o total do SUG. Comparativa dos seis últimos estudos.




Figura 3. Distribución dos titulados segundo o lugar de traballo. Resultados por rama de coñecemento para os titulados no curso académico 2010-2011 (EIL1011).

Referencias

Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Matías, J.M., Naya, S., Fernández, B.M., Carreira V., Abalde, J.E., Fernández, M.C. (2009). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2005-2006*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
 Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2010). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2006-2007*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
 Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Martínez, A., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Sierra M.D., Mallo, M., Bana, J.M. (2011). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2007-2008*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
 Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C., Velón, L. (2013). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2008-2009*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
 Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2014). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2009-2010*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.
 Faraldo, P., Crujeiras, R.M., Martínez, A., Lombardía, M.J., Naya, S., Matías, J.M., Carreira V., Fernández, B.M., Morrondo, M.P., Pereira, J.E., Fernández, M.C. (2015). *Estudo da inserción laboral dos titulados no Sistema Universitario de Galicia 2010-2011*. Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.